


PLAN DE LECTURA E BIBLIOTECA



(os símbolos pictográficos empregados son propiedade do *Goberno de Aragón* e creados por Sergio Palao para ARASAAC (<http://www.arasaac.org>), que os distribúe baixo a *Licencia Creative Commons BY-NC-SA*)

[Versión 1.0_maio 2024]



Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. MARCO NORMATIVO.....	4
3. CONTEXTUALIZACIÓN E ANÁLISE.....	5
4. OBXECTIVOS.....	7
5. ACTIVIDADES.....	9
6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS, COORDINACIÓN, PUBLICIDADE E DIFUSIÓN.....	10
7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	10
8. AVALIACIÓN.....	11
ANEXO I.....	12



1. INTRODUCCIÓN

A *Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*, recolle no seu art. 2, "fins", que os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria á calidade do ensino e, en especial, ao fomento da lectura e o uso de bibliotecas, entre outros.

Especificamente no ámbito da Educación Infantil no art. 14, "Ordenación e principios pedagóxicos" recóllese que as Administracións educativas fomentarán o desenvolvemento de todas as linguaxes e modos de percepción específicos destas idades para desenvolver o conxunto das súas potencialidades, respectando a específica cultura da infancia que definen a *Convención sobre os dereitos do Neno* e as *Observacións Xerais do seu Comité*. Con esta finalidade, e sen que resulte esixible para afrontar a educación primaria, poderán favorecer unha primeira aproximación á lectura e á escritura «...».

No ámbito da Educación Primaria reflíctese, no art. 16, "Principios xerais desta etapa", que a finalidade da Educación Primaria é facilitar ao alumnado as aprendizaxes da expresión oral, a lectura, «...» con fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado e de preparalo para cursar con aproveitamento a Educación Secundaria Obrigatoria.

Concreta, ademais no seu art. 19, "Principios pedagóxicos de primaria", que co obxecto de fomentar o hábito e o dominio da lectura todos os centros adicarán un tempo diario á mesma nos termos recollidos no seu proxecto educativo, e que as Administracións educativas promoverán plans de fomento da lectura e de alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes. Para elo contarase, no seu caso, con la colaboración das familias e do voluntariado, así como o intercambio de boas prácticas.

O art. 113, "Bibliotecas escolares", recolle que os centros deberán dispor dunha biblioteca escolar e que estas deberán contribuir a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe de demais áreas e materias e poida formarse no uso crítico dos mesmos.

O art. 157, "Recursos para a mellora das aprendizaxes e apoio ao profesorado", especifica que corresponde ás Administracións educativas dotar os recursos precisos para garantir, no proceso de aplicación da presente Lei, entre outros, a posta en marcha dun plan de fomento da lectura.

O Real Decreto das ensinanzas mínimas de infantil recolle e concreta o anteriormente citado, reflectindo, ademais como un dos seus criterios de avaliación "recurrir á biblioteca como fonte de información e desfrute, respectando as súas normas de uso".

No Real Decreto das ensinanzas mínimas de primaria obsérvase a crecente importancia, se cabe, da lectura e da biblioteca, como potenciador interdisciplinar e integral do alumnado do primeiro (lectura), e do espazo ideal-neurálxico e autonomía do uso da segunda (biblioteca).



O **DECRETO 150/2022**, do 8 de setembro e o **DECRETO 155/2022**, do 15 de setembro, recollen claramente e especifican tamén a concreción a nivel curricular do aspecto lector en todos os ámbitos e a vital importancia da biblioteca en todos os eidos, non só como espazo físico.

Ademais, ámbolos dous decretos recollen, no seu art. 29 e 33 respectivamente de cada documento, que lle corresponde aos centros docentes incluír no seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura e un plan de biblioteca coa finalidade de promover este espazo como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

As actuacións a levar a cabo que se deriven do reflectido en ámbolos dous plans, e tal e como dictan ámbolos dous decretos, deberán concretarse anualmente na programación xeral anual.

Como destaca este espazo como punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura, sumado ao feito de que neste centro concíbese a Biblioteca como o eixe dinamizador do centro, chégase á conclusión de que o máis eficaz e acorde á realidade existente do centro neste ámbito é o de fusionar nun único documento ámbolos dous plans, gañando así claridade e operatividade.

2. MARCO NORMATIVO

O presente documento baséase, e toma como referencia, a normativa vixente que se cita deseguido:

- **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación. (BOE, 04/05/2006; n.º 106)
- **Lei Orgánica 3/2020**, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE, 30/12/2020; n.º 340)
- **Real Decreto 95/2022**, de 1 de febreiro, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas na Educación Primaria (BOE, 02/02/2022; n.º 28)
- **Real Decreto 157/2022**, de 1 de maio, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas na Educación Primaria (BOE, 02/03/2022; n.º 52)
- **Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño**, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia. (BOE, 05/06/2021; n.º 134)
- **Lei 15/2022, do 12 de xullo**, integral para a igualdade de trato e a non discriminación. (BOE, 13/07/2022; n.º 167)
- **DECRETO 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 09/09/2022; n.º 172)
- **DECRETO 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 26/09/2022; n.º 183)
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade. (DOG, 21/12/2011; n.º 242)
- **ORDE do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG, 26/10/2021; n.º 206)



3. CONTEXTUALIZACIÓN E ANÁLISE

O CEIP Plurilingüe Bragade está situado na localidade de Cesuras no concello de Oza-Cesuras, que posúe un territorio de 151,62 km² e encóntrase na área interior da provincia da Coruña, ao sur de Betanzos: limita ao norte co concello de Betanzos e Coirós, ao sur con Mesía e Curtis, polo leste con Aranga e ao oeste con Abegondo.

No tocante á ampliación de información do centro, pódese remitir a diferente documentación dispoñible e publicada na páxina web oficial deste, dentro do apartado denominado *documentos e impresos* (endereço URL e ligazón: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcesuras/documentos>).

◆ Análise da lectura no centro

Obsérvase no centro alumnado que conta no eido familiar con acceso á lectura, mentres que outro non dispón disto na casa, razón pola cal resulta indispensable un dobre traballo: contribuir a facilitar os medios e a lectura propiamente dita; en xeral poderíase dicir que ámbolos dous son recíprocos e deben vir da man.

Apréciase que os aspectos que axudan a mellorar o aspecto lector no centro son, principalmente: o emprego de tempo diario de lectura diario (que é de aplicación *ad libitum* en termos de horario pola persoa docente titora -e docente- dada a idiosincrasia das aulas [de carácter mixto]), a biblioteca do centro e a biblioteca de aula. En calquera caso, non se debe esquecer que o aspecto lector recóllese, sen excepción, tanto no documento de concreción curricular como no apartado de "elementos transversais" en todas as programacións didácticas de materias e áreas. Ademais, cómpre destacar que os apoios asignados e efectivos a aquel alumnado que precisa unha atención máis individualizada, adoitan ser destinados ao aspecto da lecto-escritura.

Cada unha das diferentes actividades que xiran arredor da lectura (e biblioteca) no centro (especialmente cando se trata daquelas que abranguen a varios ciclos ou a todo o colexio á vez) axudan tamén ao profesorado a ter unha visión xeral do aspecto lector do alumnado; así pois, sempre resulta nunha oportunidade de análise e mellora da expresión oral e aspectos de declamación e oratoria.

Como conclusión deste punto, cómpre sinalar que se observa a necesidade de reforzar o aspecto lector para cumprir o establecido nos descritores competenciais de saída do remate da etapa de primaria, e é que, a percepción xeral do profesorado no tocante á lectura é a de falta de comprensión lectora óptima que, consecuentemente, afecta ao resto: produción escrita, capacidade de síntese, análise, etc. Polo tanto, débese ter sempre isto en conta para coidar e afianzar todas aquelas rutinas e iniciativas metodolóxicas que favorecen a fluidez lectora non senso máis amplo do vocablo.

En calquera caso, non se debe esquecer que, paralelamente, o feito de contar cun programa de plurinfantil e plurilingüismo (e isto apréciase de xeito notorio no 3º ciclo de primaria) favorece e contribúe ao aspecto lector do alumnado na lingua inglesa, ademais de na galega e castelá.



◆ **Análise da biblioteca no centro**

O centro conta co seu propio espazo de Biblioteca, situado entre o andar principal (de administración) e o superior do edificio principal; está compartida co Concello. Dita localización, *quasi* estratéxica, outórgalle certa facilidade para a asistencia do alumnado (alomenos de primaria, se ben é certo que o de infantil debe ir *ex profeso* [para o cal o profesorado de inf. adoita programar unha visita conxunta regular, alomenos, unha vez á semana]), por un lado, como para o estar do profesorado responsable do equipo de biblioteca (de xeito que incluso pola cercanía á Sala de Mestres e Dirección/Secretaría de centro a persoa Mestra que puiden ter Garda de clase [ou outros similares] poida estar fisicamente na Biblioteca e non na Sala de Mestres).

Resulta un espazo amplo, cálido e acolledor que conta, trala adquisición ao longo destes anos con mobiliario dinámico de biblioteca tanto para a lectura formal e informal, así como para o almacenamento e expositores de libros accesible a todas as idades, por un lado, como con diferentes fondos de variadas temáticas, enfoques e linguas, incluíndo un investimento crecente nos últimos anos de temática inclusiva e de atención á diversidade e á igualdade.

A biblioteca conta, alomenos con servizo de préstamo para o alumnado nos recreos dos luns, mércores e venres coa persoa responsable de Biblioteca ao cargo, quen non só se ocupa disto, senón que existe alumnado voluntario "encargado", ao que lle asigna diferentes, sinxelas pero motivadoras tarefas de labores que contribúen a usar e dinamizar este espazo. Neste tempo, ademais, o normal é que o alumnado poida estar na biblioteca lendo ou xogando, pois está normalizado que o alumnado a poida empregar neste tempo. Como análise específico do seu uso, cómpre comentar que nos últimos anos adoita ser tanta a concorrencia de alumnado que precisa, por un lado, de establecementos ou revisións regulares de estratexias que contribúan a mellorar o fluxo deste, e, por outro lado, de recordatorio da importancia de como saber estar neste espazo.

En relación ao centro, a Biblioteca forma parte moi importante no desenvolvemento do centro para o profesorado, dado que se concibe como o núcleo dinamizador deste. A tal fin, dende hai varios anos sempre se leva a cabo unha liña e itinerario específicos do PFPP (Plan de Formación Permanente do Profesorado) baixo o título "A biblioteca escolar como eixe dinamizador do centro" onde se decide un fío condutor para cada curso académico para desenvolver ao longo deste, sendo a participación do Claustro normalmente do 100%.

Paralelamente, en cada aula de titoría, como mínimo, adoita haber un espazo específico destinado á Biblioteca de aula, con exemplares de temáticas que a persoa docente vai establecendo segundo a necesidade e/ou o interese do alumnado.

En calquera caso, dada a importancia capital da Biblioteca como espazo físico como conceptual, cómpre sempre pensar o xeito de como contribuir á súa mellora, especialmente no aspecto de facelo atractivo ao alumnado; lémbrese que, ao fin e ao cabo, no mundo tecnolóxico actual, *a priori* hai que "competir" -por así dicilo- con RR.SS. e modelos e formatos que o alumnado adquire e/ou normaliza fóra do centro que adoitan provocar non un



rexeitamento de entrada aos libros ou ao espazo da biblioteca, mais si unha clara posición de desvantaxe inicial, que o profesorado e comunidade educativa deben ter en conta en todo momento.

Ademais, de xeito completo e xenérico, unha análise DAFO permite analizar e descubrir o seguinte:

DEBILIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> • Aumento do alumnado e diminución do profesorado no curso 2023/24. • Saturación de carga de traballo do profesorado para unha óptima implantación e seguimento do plan. • Falta de estabilidade de parte do profesorado en base ao catálogo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Normalización en TV, RR.SS., e outros, de modelos referenciais para o alumnado que o alonxen ou directamente lle eliminen a importancia da lectura así como da biblioteca como fonte "universal" de espazo e coñecementos para todo o mundo.
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • PLAMBE e continuidade dende máis dunha década ininterrompidamente. <ul style="list-style-type: none"> ◦ Como consecuencia da concorrencia, existencia da dotación dun orzamento <i>ad hoc</i>. • PFPP de centro con liña e itinerario específicos "A biblioteca escolar como eixe dinamizador do centro" implantando, consolidado dende hai máis dun lustro e con moi alta participación docente. • Histórico de posta en valor de diferentes actividades e conmemoracións coa biblioteca como núcleo neurálxico. • Normalización do alumnado de acudir á biblioteca nos recreos a ler, xogar, etc. • Compromiso do profesorado á hora de abordar cuestións lectoras na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> • Mantemento e novas modalidades de convocatorias que potenciaren o favorecemento e contínua potenciación de calquera iniciativa que contribúa á lectura e á mellora do uso da biblioteca e a adquisición de fondos.

4. OBXECTIVOS

● Obxectivos de lectura e de Biblioteca

Os obxectivos de lectura e de biblioteca a acadar mediante a elaboración deste Plan concréntanse da seguinte forma:

- Implicar a todo o profesorado no Plan.
- Incluir no PE, PXA e nas Programacións Didácticas a importancia e a necesidade da lectura.
- Propiciar o interese e o gusto pola lectura do alumnado, fomentando o hábito lector como fonte de gozo.
- Organizar actividades que melloren a capacidade lectora a nivel mecánico e de comprensión, para erradicar, na medida do posible, dificultades lectoras que alonxan ao alumnado da lectura.
- Propiciar que o alumnado pase de ser lector pasivo a lector activo e descubra o gusto pola lectura, así como os beneficios que esta aporta.
- Establecer arredor de 20 minutos diarios de lectura por parte do profesorado titor, *ad libitum*.



- Empregar todos os recursos da biblioteca para o traballo cotiá das aulas nas distintas áreas.
- Participar en actividades de formación para bibliotecas.
- Formar ao alumnado como usuario da biblioteca para que aprenda a ser autónomo no emprego e procura da información dentro das mesmas.
- Dinamizar as bibliotecas de aula e de centro a través de actividades interesantes para toda a comunidade escolar.
- Introducir os recursos informáticos e internet para a obtención da información.
- Manter e mellorar os recursos da biblioteca.
- Realizar actividades de animación á lectura, de interrelación entre niveis e coas familias.
- Involucrar ás familias e á comunidade en xeral no desenvolvemento do hábito lector e no pracer pola lectura.
- Informar ás familias da importancia da lectura para o alumnado e implicalas no Plan e na motivación da lectura.
- Crear nas persoas usuarias unha conciencia favorable de cara á biblioteca.
- Colaborar co resto dos equipos nas actividades relacionadas coa difusión da lingua e co fomento da lectura (Día do Libro, Día de Rosalía de Castro, Semana das Letras Galegas, Día Internacional da Poesía, etc.)
- Incrementar o fondo bibliográfico en diferentes linguas e con especial atención á igualdade e á diversidade.
- Levar a cabo coherencia entre os niveis de Infantil e Primaria facendo fincapé en determinados aspectos de cada etapa.
- Desenvolver distintos aspectos importantes para a lectura: mecánica lectora, velocidade, entoación, ritmo, lectura comprensiva, lúdica, etc.
- Potenciar a biblioteca de aula como un dos primeiros contactos co préstamo de libros.
- Adoptar medidas curriculares conxuntas encamiñadas a potenciar e desenvolver, dende Infantil, as competencias necesarias para incrementar as capacidades de lectura comprensiva e expresiva.
- Adquirir hábitos de coidado e bo uso dos libros, lectura silenciosa, respecto pola lectura dos demais, respecto ás normas da Biblioteca, etc.
- Adaptar os recursos materiais e humanos dispoñibles na Biblioteca do centro para o desenvolvemento do hábito lector.
- Difundir entre toda a comunidade educativa as normas de uso da Biblioteca.
- Continuar no PLAMBE.
- Continuar levando a cabo unha liña e itinerario específicos sobre "A biblioteca escolar como eixe dinamizador do centro" no Plan de Formación Permanente de Profesorado (PFPP) de centro a través dun seminario.

● **Obxectivos da biblioteca de aula (e da lectura nesta)**

Os obxectivos da biblioteca de aula (e da lectura nesta) a acadar mediante a elaboración deste Plan concréntanse da seguinte forma:

- Solicitar periodicamente coleccións de libros á biblioteca do centro que fagan referencia aos diversos temas que se aborden en diferentes áreas.
- Empregar a biblioteca de aula para a lectura lúdica ou para a investigación.
- Participar nas propostas que acheguen á Biblioteca do centro



- Implicar ás familias na elaboración ou desenvolvemento de actividades de tipo intelectual ou lúdico, as cales poderán ser a confección de libros viaxeiros, preparación de contos, dramatizacións, declamación de poesía, interpretación de contos musicais, visitas a outras Bibliotecas, etc.
- Realizar pequenos proxectos de traballo que se irán ampliando paulatinamente en función da motivación do alumnado e dos seus intereses.
- Empregar os recursos de tipo informático para obter a información que se puiden presentar nese formato.

5. ACTIVIDADES

Neste apartado cítanse algunhas das actividades específicas (non constan as transversais curriculares das materias pola súa natureza) a desenvolver no centro en prol da consecución dos obxectivos reflectidos no presente plan:

Nº	ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	PERSONAL ENCARGADO
1	FÍO CONDUTOR (a Biblioteca como eixe dinamizador común para todo o centro escolle un tema como fío condutor para desenvolver ao longo de todo o curso para todo o centro e de xeito colaborativo co resto de coordinacións didácticas). Esta actividade lévase a cabo a través dun itinerario e liña específicos dun PFPP do propio centro.	Todo o curso	-Todo o Claustro
2	DÍA DA BIBLIOTECA (lévase a cabo algunha actividade conxunta de todo o alumnado na Biblioteca para conmemorar dito día).	24/outubro	-Coord.: Biblio., ACEE, TIC, EDLG e Pluril. -Profesorado Inf. e Pri.
3	DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ (actividade específica a levar a cabo na Biblioteca: habitualmente trátase da lectura por parte do alumnado dun manifesto -ou similar- en contra de calquera tipo de violencia e en favor da paz en todos os sitios e ámbitos; xunto con, alomenos unha canción sobre esta temática e cunha representación -facultativa- do profesorado dunha pequena peza performativa).	30/xaneiro	-Coord.: Biblioteca, ACEE, EDLG, TIC e Plurilingüismo. -Profesorado Inf. e Pri.
4	DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO (actividade específica a levar a cabo na Biblioteca: habitualmente, como mín. a lectura e declamación de poesías da autora por parte do alumnado -no día da conmemoración- e/ou coa actividade específica " <i>Comeza o día con Rosalía</i> ", na que ao comezo da mañá (dende o 1 ao 23/feb.), se recita pola microfónica de centro -por parte do alumnado- unha poesía da autora.)	23/febreiro / 1-23 de febreiro	-Coord.: Biblioteca e EDLG. -Profesorado Inf. e Pri.
5	CONCURSO DE POESÍA E DEBUXO (concurso de poesía para Pri. e debuxo para Inf. para	marzo	-Coord.: Biblioteca, ACEE e EDLG.



	conmemorar o Día Mundial da Poesía -21/marzo-cun detalle para todo aquel participante)		-Profesorado Inf. e Pri.
6	DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO (actividade específica a levar a cabo ese día e/ou esa semana, por ex.: compartir libros entre diferentes etapas léndolles o alumnado maior ao máis cativo o libro deste último, preparar un mural xigante cos libros favoritos do alumnado simulando unha plataforma audiovisual, etc.)	23/abril	-Coord.: Biblioteca, ACEE, EDLG, TIC e Plurilingüismo. -Profesorado Inf. e Pri.
7	SEMANA DAS LETRAS GALEGAS (lévase a cabo, como mínimo, unha actividade tipo: realización dun mural xigante e lectura de parte da obra e/ou biografía da persoa homenaxeada).	3ª semana maio	-Coord.: Biblioteca, ACEE e EDLG. -Profesorado Inf. e Pri.

6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS, COORDINACIÓN, PUBLICIDADE E DIFUSIÓN

■ Recursos humanos e coordinación

Os recursos humanos do centro comprenden o equipo directivo, o Claustro, a persoa coordinadora de Biblioteca, o profesorado do centro e o persoal non docente (Consellería, comunidade educativa, ANPA e Concello de Oza-Cesuras).

A nivel organizativo xeral, a dinamización e supervisión da coordinación correspóndelle ao todo o Claustro, establecéndose, non obstante, a seguinte subdivisión a nivel de coordinación:

- Coordinación do aspecto lector: Mestra/e titor/a xunto con coordinadoras/es de ciclo.
- Coordinación de biblioteca de centro: Coordinador/a de Biblioteca.
- Coordinación de biblioteca de aula: Titor/a (na aula de titoría).

Entre os recursos materiais, recóllense (incluíndo o dixital, mobiliario, a publicidade e a difusión):

■ Recursos materiais, publicidade e difusión

- Biblioteca de centro (abrangando o espazo físico, mobiliario e fondos)
- Bibliotecas de aula (co espazo destinado a tal fin, mobiliario propio e fondos propios ou de préstamo en coordinación coa Biblioteca)
- Calquera espazo en xeral e a a biblioteca e as aulas de titoría en particular
- Móbil e ordenador de centro para a publicación difusión das actividades
- Material funxible como folios e material de escritura e outros para as actividades de formación ou aprendizaxe
- Páxina web oficial (sección documentos e impresos www.edu.xunta.gal/centros/ceipcesuras/documentos) para a publicación do plan e outros que houber e RR.SS. (*Facebook, Instagram e Twitter*) do centro
- Taboleiro de anuncios e diferentes espazos do centro
- *Abalarmóbil* e servizo de mensaxería "*Whatsapp*" de centro (este último para mensaxería xenérica e/ou que non entre en conflito coa protección de datos)

7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Non todo o mundo avanza ao mesmo ritmo nin ten as mesmas dificultades: precisamente este é un plan que fomente e potencie evitar que alguén se puider sentir ou for excluído e/ou atacado. Por iso,



no caso de alumnado que puidese contar con NEE e/ou NEAE farase un especial esforzo e coidado en facilitar e adaptar os recursos existentes e a atención que foren precisos para, por un lado, posibilitar e facilitar a súa comprensión do traballado, e, por outro, o axeitado uso dos recursos materiais.

8. AVALIACIÓN

■ Seguimento

Ao remate do 1º e 2º trimestre realizarase un seguimento deste plan para comprobar o seu grao xeral de aplicación; ao final de curso este será máis exhaustivo e terá en conta os seguintes puntos:

○ Indicadores de logro:

Como parte dos obxectivos anteriormente propostos establécense os seguintes indicadores de logro:

	Indicador de logro	Grao de cumprimento (moi alto/alto/medio/baixo/moi baixo)
1	Cumpríronse os obxectivos xerais	
2	Cumpríronse os obxectivos específicos	
3	Leváronse a cabo as actividades do apdo. 5 deste plan	

○ Grao de cumprimento:

Tendo en conta os resultados acadados en base en relación aos indicadores de logro establecidos á hora da implantación deste plan establecerase o grao cumprimento:

Moi baixo	Baixo	Medio	Alto	Moi alto

○ Reflexión/Propostas de mellora:

De cara ao vindeiro curso teranse en conta o seguinte: ...

O resultado final do seguimento, os indicadores de logro, o grao de cumprimento e as propostas de mellora reflectiranse na Memoria da Programación Xeral Anual en base ao modelo *Anexo I*.

Elaborado pola Dirección, a Coordinación de Biblioteca e o Grupo de Traballo C2305095-PFPP 2023/2024 do centro.

Vº bo e pr. polo Claustro de Mestres o 06 de maio do 2024.

Aprobado polo Consello Escolar o 06 de maio do 2024.

Enviado ao Servizo de Inspección Educativa o 06 de maio do 2024.

Asinado electrónicamente en Cesuras

O Director.

D. Israel Arranz Carreño



ANEXO I

AVALIACIÓN	
PLAN DE LECTURA E BIBLIOTECA	
Curso académico	

SEGUIMIENTO		
Trim.	Data reunión	Observacións do grao xeral de aplicación
1º		
2º		
FIN CURSO		

INDICADORES DE LOGRO		
Nº	Indicador de logro	Grao de cumprimento <i>(moi alto/alto/medio/baixo/moi baixo)</i>
1	Cumpríronse os obxectivos xerais	
2	Cumpríronse os obxectivos específicos	
3	Cumpríronse as actividades do apdo. 5	
4	...	
5	...	

GRAO DE CUMPRIMENTO XERAL <i>(moi alto / alto / medio / baixo / moi baixo)</i>	
--	--

REFLEXIÓN/PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao vindeiro curso:

